



PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DAS TÁBOAS SALARIAIS

ESTRUTURA ACTUAL DAS TÁBOAS SALARIAIS

A definición inicial dos complementos das táboas salariais de SEAGA data do 2008 en que foron aprobadas, xunto coas incorporacións e modificacións indicadas. Posteriormente foron incluídos outros complementos, por diversas modificacións.

Todos os cálculos que figuran nas táboas iniciais están referidos ás táboas salariais aprobadas en 2023, suposta a aprobación dun incremento do 2%, incluído na negociación colectiva estatal con anterioridade e non aplicado polo momento, por non ter sido aprobados os *Presupuestos Generales del Estado* para o exercicio 2024.

De aprobarse o incremento adicional do 0,5% inicialmente vencellado á evolución da inflación durante os exercicios 2022-2024, incorporaría-se de igual xeito, incrementando esa porcentaxe nas táboas iniciais e na proposta.

Complemento de dedicación: É o complemento salarial do posto de traballo que se aboa polo feito de estar dispoñible, é dicir, por estar a disposición da empresa para poder ser chamado en calquera momento para previr ou reparar sinistros ou outros danos de carácter extraordinarios, urxentes ou de emerxencia ou por poder sufrir modificacións da xornada laboral, con independencia de que produza ou non tal modificación da xornada ou horario. Este complemento non se devengará naqueles períodos en que debido a natureza dos mesmos, non se esixa tal dispoñibilidade (vacacións, permisos, etc). Este complemento non terá carácter consolidable e en todo caso deixará de percibirse cando cese a especial dedicación.

Complemento de singularidade: Retribúe a especial responsabilidade, especiais dificultades (tanto materiais e técnicas como de natureza funcional e ocasional) perigosidade, toxicidade e penosidade, xornadas extraordinarias e/ou prolongación das ordinarias que o servizo esixa, condución de vehículos, etc. Así mesmo, retribúe o traballo nocturno e os domingos e festivos que como consecuencia do sistema de organización do traballo por quendas deban realizarse. A percepción deste concepto exclúe e impide a percepción doutras retribucións por horas extraordinarias, festivas ou nocturnas. O complemento non terá carácter consolidable e, en todo caso, deixará de percibirse cando cese na prestación de ditos servizos.



Complemento de produtividade: establécese un incentivo de produción variable en función das distintas categorías, en atención aos seguintes criterios:

	INCENDIOS	RESTO
RESPONSABILIDADE E IMPLICACIÓN	20%	20%
ASISTENCIA	45%	30%
PUNTUALIDADE	15%	15%
RENDEMENTOS	0%	20%
USO E MANTEMENTO DE EQUIPOS	20%	15%

- 1) Responsabilidade e implicación: valorarase a conduta, actitude, compromiso, implicación e responsabilidade manifestada polo traballador no desempeño habitual das súas tarefas. O peso deste criterio supón un **20%** sobre o global, que se distribúe da seguinte maneira:
 - 10% en función dos informes emitidos polos superiores xerárquicos inmediatos.
 - 10% por outros superiores da cadea de mando.
- 2) Asistencia: O seu obxecto é reducir os niveis de absentismo. Representa un **45%-30%** sobre o incentivo de produtividade de cada posto. A efectos de cómputo distingúese entre:
 - Falta Sen Xustificar: cada día de falta sen xustificar supón unha penalización dun 9%.
 - Falta Xustificada: cada falta xustificada supón unha penalización dun 5%. (a estes efectos, cabe destacar que non se computará como falta xustificada os permisos retribuídos pola empresa: matrimonio, paternidade, defunción de familiares)
- 3) Puntualidade: Representa o 15% do incentivo de produtividade. O seu obxectivo é fomentar unha conduta disciplinada no traballo do equipo, evitando retrasos inoportunos que afecten ao funcionamento do mesmo. Neste sentido, cada impuntualidade penalizará un 5% sobre este incentivo.
- 4) Rendementos: A determinar en función da actividade desenrolada.
- 5) Uso e mantemento de equipos: o obxectivo é fomentar o coidado dos medios e equipos por parte do traballador, a través dun uso e mantemento axeitado dos mesmos. Este criterio representa un 20% -15 % do incentivo de produtividade. As variables que inflúen no seu cálculo



son: Uso inadecuado dos equipos, Deterioro ou Perda. Desta maneira, aqueles deterioros que non sexan debido ó uso habitual do equipo así como as peras penalizarán da seguinte forma:

Aplicarase unha redución dun 5% nos seguintes casos:

- Por cada perda ou deterioro dalgún útil ou ferramenta.
- Por cada perda ou deterioro dalgún compoñente do equipo de protección individual

Aplicarase unha redución dun 10% nos seguintes casos:

- Por cada perda ou deterioro de maquinaria auxiliar (motoserra, desbrozadora)
- Por cada perda ou deterioro de equipos auxiliares (inclúense posicionadores, GPS, etc)
- En caso de deterioro, golpes, etc do vehículo de empresa que o traballador teña asignado.

A percepción deste complemento coincidirá coa fin de contrato do traballador, e en todo caso, nunca se acumulará por máis de 12 meses.

Aqueles traballadores que non superen o período de proba así como os que voluntariamente causen baixa voluntaria na mesma, non percibirán o incentivo de produción.

Complemento de nocturnidade (Extracto do acordo 17/10/2017):

Os traballadores teñen dereito ao pagamento das horas de traballo efectivo desenvolvido en horario nocturno (entre as 22:00 e as 6:00 horas). O salario correspondente á xornada efectiva de traballo desenvolta en dito horario incrementarase nun 30% en concepto de complemento de nocturnidade. O persoal que non realice toda a quenda en horario nocturno percibirá o incremento proporcional ao tempo investido en dita franxa horaria. A efectos de cálculo do complemento de nocturnidade, establécese a seguinte fórmula:

$$\text{Valor Hora Nocturna} = (\text{Salario Bruto Anual} / \text{N}^\circ \text{ Horas Anuais}) \times 0,30$$

Cando por razóns de organización, a quenda de noite finalice despois das seis horas, o complemento de nocturnidade estenderase, unicamente para efectos económicos, ata a terminación da dita quenda, sempre e cando o traballo desenvolvido en horas nocturnas (entre as 22.00h e as 6.00h) sexa igual ou superior a 6 horas. Procurarase, na medida do posible a equidade das quendas entre brigadas.

O persoal de xestión que realice gardas localizables, percibirá un plus polas horas nocturnas de dispoñibilidade que consistirá no 37,5% do valor da hora nocturna calculada no punto 1.1:



Valor Hora Disponibilidade Nocturna = $[(\text{Salario Bruto Anual}/\text{N}^\circ \text{ Horas Anuais}) \times 0,30] \times 0,375$

Complemento de mobilidade e adaptabilidade (Extracto do acordo 01/08/2019)

Complemento de carácter mixto que retribúe a prestación de servizos en lugares móbiles ou itinerantes comprendendo toda a provincia (excepcionalmente en concellos limítrofes coa referencia), así coma o tempo de desprazamento diario investido desde o punto de encontro ata o primeiro lugar de traballo e o tempo de desprazamento investido desde o último lugar de traballo ao punto de encontro, que non se computará como tempo de traballo efectivo, senón de adaptabilidade ou disponibilidade. Este complemento non terá carácter consolidable e en todo caso deixará de percibirse cando desaparezan as circunstancias que motivaron a súa percepción. O seu importe coincide co plus de singularidade.

Complemento de funcións: Establecido para postos de traballo que teñen unha especial responsabilidade e complexidade

- Coordinador/a de área: Funcións de coordinación dos diferentes traballos de cada área, planificación e asignación de recursos e control de resultados.
- Técnico/a superior: Análise e preparación dos presupostos dos encargos, atención a diversos
Técnico/a medio: Análise e preparación dos presupostos dos encargos, atención a diversos proxectos ou encargos dentro do seu ámbito territorial coa xestión de recursos derivada dos mesmos.
- Oficial 1ª Administrativo: Funcións administrativas relevantes relativas á contabilidade analítica, financeira, facturación, cobros e pagamentos que afectan á totalidade da Empresa.
- Oficial 2ª Administrativo: Funcións administrativas relativas á xestión de persoal, asistencia ás direccións ou ás coordinacións das unidades territoriais correspondentes.
- Auxiliar Administrativo: Funcións administrativas auxiliares de rexistro, comunicación, atención telefónica e recepción.
- Operador/a codificador/a: Operacións administrativas básicas relacionadas cos procesos selectivos e da xestión dos recursos humanos, arquivo, etc...
- Capataz: Supervisión de diversos equipos de traballo, función loxísticas, de medición, co obxectivo de colaborar na análise e preparación dos presupostos dos encargos.
- Xefe/a de Brigada: Responsabilidades sobre un equipo que pode actuar en diversos encargos, control de asistencia, loxística, en mantemento de equipos de diversos encargos, participación no despregue de recursos en novos encargos, atendéndoos nos momentos iniciais, etc...



- Maquinista condutor: Transporte de materiais e subministracións entre as instalacións fixas da empresa e áreas de traballo, operación e mantemento de maquinaria, movemento de vehículos nas entregas, recollidas e transporte a talleres.
- Peón especialista: Condución de vehículos e operacións de diversos encargos, mantemento da maquinaria e das instalacións fixas da empresa; loxística e almacenamento de materiais procedentes de subministracións, equipos de protección individual, etc...
- Peón: operacións de diversos encargos e de mantemento da maquinaria e das instalacións fixas da empresa; control do almacenamento de materiais procedentes de subministracións, equipos de protección individual, etc... proxectos ou encargos coa xestión de recursos derivada dos mesmos.



SALARIOS PERSOAL DE CADRO ORIXINAL 2024 ACTUAL

Denominación	Categoría/Tit.mínima	SB (14 PAGAS)	Dedicac.	Singularid.	Productivid. (anual)	Bruto Anual
Director Técnico	Director Técnico	2.245,52	105,23	1.589,89	7.224,93	59.003,55
Xefa RRHH	Xefa Departamento	1.871,85	105,23	1.524,11	3.784,48	49.542,39
Técnico Provincial	Técnico Provincial	1.871,85	105,23	1.524,11	4.816,61	50.574,52
Técnico Provincial	Técnico Provincial	1.871,85	105,23	1.524,11	4.816,61	50.574,52
Técnico Provincial	Técnico Provincial	1.871,85	105,23	1.524,11	4.816,61	50.574,52
Técnico Provincial	Técnico Provincial	1.871,85	105,23	1.524,11	4.816,61	50.574,52
Advo. Servizo Laboral	Oficial 1ª Advo.	1.262,91	213,67	141,06	461,98	22.399,52
Advo. Servizo Facturación	Oficial 1ª Advo.	1.262,91	213,67	141,06	461,98	22.399,52
Coordinador Sist. Inform.	Coordinador Sist. Inform.	1.664,20	392,75	632,42	4.541,39	40.142,19
Técnico Xurídico	Licenciatura Dereito	1.664,20	237,20	113,09	2.200,17	29.702,49
Oficial 2ª Advo.	Oficial 2ª Advo.	1.040,77	213,67	141,06	461,98	19.289,57
Oficial 2ª Advo.	Oficial 2ª Advo.	1.040,77	213,67	141,06	461,98	19.289,57
Oficial 2ª Advo.	Oficial 2ª Advo.	1.040,77	213,67	141,06	461,98	19.289,57
Xefe/a Administración	Xefe/a Departamento	1.664,20	392,75	399,18	3.914,65	36.716,69
Advo. Servizo Compras	Oficial 1ª Advo.	1.262,91	213,67	141,06	461,98	22.399,52
Advo. Servizo Facturación	Oficial 2ª Advo.	1.040,77	213,67	141,06	461,98	19.289,57
Xefe advo. Servizo facturación	Xefe Advo.	1.449,91	237,20	250,11	2.200,16	28.346,69
Secretario/a	Oficial 1ª Advo.	1.262,91	213,67	636,49	461,98	28.344,75
Auxiliar advo. Servizo Laboral	Auxiliar Advo.	904,89	213,67	37,67	461,98	16.146,56
Advo. Selección Persoal	Oficial 1ª Advo.	1.262,91	213,67	141,06	461,98	22.399,52
Técnico	Técnico	1.449,91	237,20	0,00	2.200,07	25.345,26
Técnico	Técnico	1.449,91	237,20	0,00	2.200,07	25.345,26
Técnico	Técnico	1.449,91	237,20	0,00	2.200,07	25.345,26
Técnico	Técnico	1.449,91	237,20	0,00	2.200,07	25.345,26
Xefe/a Seg. e Saúde	Xefe/a Departamento	1.664,20	392,75	399,18	3.914,65	36.716,69
Técnico	Técnico	1.449,91	237,20	0,00	2.200,07	25.345,26
Técnico Servizo Xestión e Apoio	Técnico	1.449,91	237,20	0,00	2.200,07	25.345,26
Técnico S.Def. contra o Lume e Emerx.	Técnico	1.449,91	237,20	0,00	2.200,07	25.345,26
Técnico Servizo Compras	Técnico	1.449,91	237,20	0,00	2.200,07	25.345,26
Xefe/a Dpto. Servizos Forestais	Xefe/a Departamento	1.664,20	392,75	399,18	3.914,65	36.716,69
Xefe/a Dpto. Servizos Agropecuarios	Xefe/a Departamento	1.664,20	392,75	399,18	3.914,65	36.716,69



SALARIOS PERSOAL DE CADRO ORIXINAL 2024 INCLUÍDO 2%

Denominación	Categoría/Tit.mínima	SB (14 PAGAS)	Dedicac.	Singularid.	Productivid. (anual)	Bruto Anual	Cotiz SS	Custo total
Director Técnico	Director Técnico	2.290,43	107,33	1.621,68	7.369,43	60.183,63	21.094,36	81.277,99
Xefa RRHH	Xefa Departamento	1.909,28	107,33	1.554,59	3.860,17	50.533,24	17.711,90	68.245,14
Técnico Provincial	Técnico Provincial	1.909,28	107,33	1.554,59	4.912,95	51.586,01	18.080,90	69.666,91
Técnico Provincial	Técnico Provincial	1.909,28	107,33	1.554,59	4.912,95	51.586,01	18.080,90	69.666,91
Técnico Provincial	Técnico Provincial	1.909,28	107,33	1.554,59	4.912,95	51.586,01	18.080,90	69.666,91
Técnico Provincial	Técnico Provincial	1.909,28	107,33	1.554,59	4.912,95	51.586,01	18.080,90	69.666,91
Advo. Servizo Laboral	Oficial 1º Advo.	1.288,17	217,95	143,88	471,22	22.847,51	8.008,05	30.855,57
Advo. Servizo Facturación	Oficial 1º Advo.	1.288,17	217,95	143,88	471,22	22.847,51	8.008,05	30.855,57
Coordinador Sist. Inform.	Coordinador Sist. Inform.	1.697,48	400,61	645,06	4.632,22	40.945,04	14.351,24	55.296,27
Técnico Xurídico	Licenciatura Dereito	1.697,48	241,95	115,35	2.244,17	30.296,54	10.618,94	40.915,48
Oficial 2º Advo.	Oficial 2º Advo.	1.061,59	217,95	143,88	471,22	19.675,36	6.896,21	26.571,57
Oficial 2º Advo.	Oficial 2º Advo.	1.061,59	217,95	143,88	471,22	19.675,36	6.896,21	26.571,57
Oficial 2º Advo.	Oficial 2º Advo.	1.061,59	217,95	143,88	471,22	19.675,36	6.896,21	26.571,57
Xefe/a Administración	Xefe/a Departamento	1.697,48	400,61	407,17	3.992,95	37.451,03	13.126,59	50.577,61
Advo. Servizo Compras	Oficial 1º Advo.	1.288,17	217,95	143,88	471,22	22.847,51	8.008,05	30.855,57
Advo. Servizo Facturación	Oficial 2º Advo.	1.061,59	217,95	143,88	471,22	19.675,36	6.896,21	26.571,57
Xefe advo. Servizo facturación	Xefe Advo.	1.478,91	241,95	255,11	2.244,17	28.913,63	10.134,23	39.047,85
Secretario/a	Oficial 1º Advo.	1.288,17	217,95	649,22	471,22	28.911,65	10.133,53	39.045,18
Auxiliar advo. Servizo Laboral	Auxiliar Advo.	922,98	217,95	38,43	471,22	16.469,49	5.772,56	22.242,05
Advo. Selección Persoal	Oficial 1º Advo.	1.288,17	217,95	143,88	471,22	22.847,51	8.008,05	30.855,57
Técnico	Técnico	1.478,91	241,95	0,00	2.244,08	25.852,17	9.061,19	34.913,36
Técnico	Técnico	1.478,91	241,95	0,00	2.244,08	25.852,17	9.061,19	34.913,36
Técnico	Técnico	1.478,91	241,95	0,00	2.244,08	25.852,17	9.061,19	34.913,36
Técnico	Técnico	1.478,91	241,95	0,00	2.244,08	25.852,17	9.061,19	34.913,36
Xefe/a Seg. e Saúde	Xefe/a Departamento	1.697,48	400,61	407,17	3.992,95	37.451,03	13.126,59	50.577,61
Técnico	Técnico	1.478,91	241,95	0,00	2.244,08	25.852,17	9.061,19	34.913,36
Técnico Servizo Xestión e Apoio	Técnico	1.478,91	241,95	0,00	2.244,08	25.852,17	9.061,19	34.913,36
Técnico S.Def. contra o Lume e Emerx.	Técnico	1.478,91	241,95	0,00	2.244,08	25.852,17	9.061,19	34.913,36
Técnico Servizo Compras	Técnico	1.478,91	241,95	0,00	2.244,08	25.852,17	9.061,19	34.913,36
Xefe/a Dpto. Servizos Forestais	Xefe/a Departamento	1.697,48	400,61	407,17	3.992,95	37.451,03	13.126,59	50.577,61
Xefe/a Dpto. Servizos Agropecuarios	Xefe/a Departamento	1.697,48	400,61	407,17	3.992,95	37.451,03	13.126,59	50.577,61



TÁBOA SALARIAL PERSOAL DISCONTINUO E TEMPORAL ACTUAL 2024							
POSTOS	Salario base	P.P. Extra	Dedicación	Singularidade	Productividade	Total	Bruto anual
TITULADO SUPERIOR	1.664,22	277,37	237,21	0,00	183,35	2.362,14	28.345,68
TITULADO SUPERIOR(Pdcif)	1.664,22	277,37	237,21	250,00	183,35	2.612,14	31.345,65
TITULADO SUPERIOR (Helitransportada)	1.664,22	277,37	237,21	398,87	183,35	2.761,01	33.132,10
TITULADO MEDIO	1.449,91	241,64	237,21	0,00	183,35	2.112,10	25.345,21
TITULADO MEDIO (Pdcif)	1.449,91	241,64	237,21	250,00	183,35	2.362,10	28.345,18
TITULADO MEDIO (Helitransportada)	1.449,91	241,64	237,21	398,89	183,35	2.510,99	30.131,88
ADVO. OFICIAL 1ª	1.262,93	210,49	213,67	141,06	38,50	1.866,64	22.399,69
TÉCNICO APOIO	1.273,03	212,18	218,13	0,00	164,62	1.867,96	22.415,57
TÉCNICO APOIO (Incendios / Emerxencias)	1.273,03	212,18	218,13	301,46	164,62	2.169,42	26.033,07
CAPATAZ	1.040,77	173,46	213,67	0,00	141,07	1.568,96	18.827,56
CAPATAZ (Pdcif/Emerxencias)	1.040,77	173,46	213,67	466,59	141,07	2.035,55	24.426,60
XEFE BRIGADA	1.040,77	173,46	205,71	0,00	133,93	1.553,86	18.646,33
XEFE BRIGADA (Pdcif / Emerxencias)	1.040,77	173,46	205,71	397,76	133,93	1.951,63	23.419,51
XEFE BRIGADA (Helitransportada)	1.040,77	173,46	205,71	466,60	133,93	2.020,46	24.245,49
TECNICO LABORATORIO	1.273,03	212,17	153,24	189,47	63,97	1.891,88	22.702,53
MAQUINISTA/CONDUCTOR	1.040,77	173,46	205,71	0,00	126,17	1.546,11	18.553,32
MAQUINISTA/CONDUCTOR (Pdcif/Emerxencias)	1.040,77	173,46	205,71	258,19	126,17	1.804,30	21.651,59
PEÓN ESPECIALISTA	861,63	143,62	187,05	0,00	93,90	1.286,20	15.434,38
PEÓN ESPECIALISTA (Pdcif / Emerxencias)	861,63	143,62	187,05	258,05	93,90	1.544,25	18.531,01
PEÓN ESPECIALISTA (Helitransportada)	861,63	143,62	187,05	358,27	93,90	1.644,46	19.733,57
PEÓN	851,84	141,97	178,46	0,00	93,90	1.266,17	15.194,05
PEÓN (Pdcif / Emerxencias)	851,84	141,97	178,46	251,87	93,90	1.518,04	18.216,45
PEÓN (Helitransportada)	851,84	141,97	178,46	352,08	93,90	1.618,25	19.419,00
ADVO. OFICIAL 2ª	1.040,77	173,46	213,67	141,06	38,50	1.607,45	19.289,45
EMISORISTA	851,89	141,98	187,05	138,98	93,52	1.413,41	16.960,96
AUXILIAR ADMINISTRATIVO	904,89	150,82	213,67	37,66	38,50	1.345,55	16.146,56
OPERADOR-CODIFICADOR	904,89	150,82	179,27	37,66	38,50	1.311,15	15.733,82



TÁBOA SALARIAL PERSOAL DISCONTINUO E TEMPORAL 2024 INCLUIDO 2%							
POSTOS	Salario base	P.P. Extra	Dedicación	Singularidade	Productividade	Total	Bruto anual
TITULADO SUPERIOR	1.697,50	282,91	241,95	0,00	187,02	2.409,38	28.912,60
TITULADO SUPERIOR(Pdcif)	1.697,50	282,91	241,95	255,00	187,02	2.664,38	31.972,56
TITULADO SUPERIOR (Helitransportada)	1.697,50	282,91	241,95	406,85	187,02	2.816,23	33.794,74
TITULADO MEDIO	1.478,91	246,47	241,95	0,00	187,02	2.154,34	25.852,12
TITULADO MEDIO (Pdcif)	1.478,91	246,47	241,95	255,00	187,02	2.409,34	28.912,08
TITULADO MEDIO (Helitransportada)	1.478,91	246,47	241,95	406,87	187,02	2.561,21	30.734,51
ADVO. OFICIAL 1ª	1.288,18	214,70	217,94	143,88	39,27	1.903,97	22.847,68
TÉCNICO APOIO	1.298,49	216,42	222,50	0,00	167,92	1.905,32	22.863,88
TÉCNICO APOIO (Incendios / Emerxencias)	1.298,49	216,42	222,50	307,49	167,92	2.212,81	26.553,73
CAPATAZ	1.061,59	176,93	217,94	0,00	143,89	1.600,34	19.204,11
CAPATAZ (Pdcif/Emerxencias)	1.061,59	176,93	217,94	475,92	143,89	2.076,26	24.915,13
XEFE BRIGADA	1.061,59	176,93	209,82	0,00	136,60	1.584,94	19.019,25
XEFE BRIGADA (Pdcif / Emerxencias)	1.061,59	176,93	209,82	405,72	136,60	1.990,66	23.887,90
XEFE BRIGADA (Helitransportada)	1.061,59	176,93	209,82	475,93	136,60	2.060,87	24.730,40
TECNICO LABORATORIO	1.298,49	216,41	156,30	193,26	65,25	1.929,72	23.156,58
MAQUINISTA/CONDUCTOR	1.061,59	176,93	209,82	0,00	128,70	1.577,03	18.924,38
MAQUINISTA/CONDUCTOR (Pdcif/Emerxencias)	1.061,59	176,93	209,82	263,35	128,70	1.840,38	22.084,62
PEÓN ESPECIALISTA	878,86	146,49	190,79	0,00	95,78	1.311,92	15.743,07
PEÓN ESPECIALISTA (Pdcif / Emerxencias)	878,86	146,49	190,79	263,21	95,78	1.575,14	18.901,63
PEÓN ESPECIALISTA (Helitransportada)	878,86	146,49	190,79	365,43	95,78	1.677,35	20.128,24
PEÓN	868,88	144,81	182,02	0,00	95,78	1.291,49	15.497,93
PEÓN (Pdcif / Emerxencias)	868,88	144,81	182,02	256,90	95,78	1.548,40	18.580,77
PEÓN (Helitransportada)	868,88	144,81	182,02	359,12	95,78	1.650,62	19.807,38
ADVO. OFICIAL 2ª	1.061,59	176,93	217,94	143,88	39,27	1.639,60	19.675,24
EMISORISTA	868,92	144,82	190,79	141,76	95,39	1.441,68	17.300,18
AUXILIAR ADMINISTRATIVO	922,99	153,84	217,94	38,41	39,27	1.372,46	16.469,50
OPERADOR-CODIFICADOR	922,99	153,84	182,86	38,41	39,27	1.337,37	16.048,50

CADRO DE PERSOAL DISCONTÍNUO 2024 INCLUIDO 2%				
Categoría	Número	Duración	Bruto anual	Total anual
Enxeñeiro Técnico Agrícola	2	9	28.912,08	43.368,12
Enxeñeiro Técnico Forestal	10	9	28.912,08	216.840,62
Oficial Administrativo	1	9	19.675,24	14.756,43
Auxiliar Administrativo	2	7	16.469,50	19.214,41
Capataz	31	9	24.915,13	579.276,70
Capataz	9	6	24.915,13	112.118,07
Xefe de Brigada	17	6	23.887,90	203.047,12
Peón Especialista	22	6	18.901,63	207.917,95
Peón	66	6	18.580,77	613.165,57
Total	160			2.009.704,99



CADRO CONTINUO 2024 INCLUIDO 2%									
Tipo Contrato	Denominación do Posto	Nivel	Postos	Soldo	C Dedicación	C Singularidade	C Productividade	C Funcións	Total retribucións
P. Direct.	Director/a-xerente	1	1	66.123,17	0,00	0,00	0,00	0,00	66.123,17
P.Direct.	Director/a Administración e Servizos Xerais	2	1	32.066,06	1.288,06	19.460,17	6.355,01	0,00	59.169,30
Ind	Director/a Técnico/a		1	32.066,06	1.288,06	19.460,17	6.355,01	0,00	59.169,30
Ind	Coordinador/a xurídico e de RRHH		1	23.764,75	5.925,18	6.003,85	3.992,95	2.965,18	42.651,92
Ind	Coordinador/a sistemas informáticos		1	23.764,75	5.925,18	6.003,85	3.992,95	2.965,18	42.651,92
Ind	Coordinador/a provincial		3	23.764,75	5.925,18	6.003,85	3.992,95	2.965,18	42.651,92
LF	Coordinador/a provincial		1	23.764,75	5.925,18	6.003,85	3.992,95	2.965,18	42.651,92
LF	Coordinador/a área superior		6	23.764,75	5.925,18	6.003,85	3.992,95	2.965,18	42.651,92
LF	Técnico superior		4	23.764,75	2.903,39	1.384,21	2.244,17	2.724,73	33.021,25
LF	Técnico/a superior asesoramento financeiro		1	23.764,75	2.903,39	1.384,21	2.244,17	2.724,73	33.021,25
LF	Técnico/a medio		8	20.704,69	2.903,39	0,00	2.244,08	4.109,08	29.961,25
LF	Técnico/a medio prevención de riscos		1	20.704,69	2.903,39	0,00	2.244,08	4.109,08	29.961,25
Ind	Técnico/a medio provincia		4	20.704,69	2.903,39	0,00	2.244,08	4.109,08	29.961,25
LF	Técnico/a medio obras civís		1	20.704,69	2.903,39	0,00	2.244,08	4.109,08	29.961,25
LF	Oficial 1ª administrativo		1	18.034,42	2.615,32	1.726,53	471,22	1.819,54	24.667,03
Ind	Oficial 1ª administrativo		1	18.034,42	2.615,32	1.726,53	471,22	1.819,54	24.667,03
Ind	Oficial 2ª administrativo		2	14.862,19	2.615,32	1.726,53	471,22	1.727,85	21.403,11
LF	Oficial 2ª administrativo		4	14.862,19	2.615,32	1.726,53	471,22	1.727,85	21.403,11
Ind	Auxiliar administrativo		1	13.180,24	2.667,64	470,36	480,64	1.983,90	18.782,78
Ind	Operador/a codificadord/a		2	12.921,99	2.194,32	461,10	471,25	1.967,47	18.016,13
Ind	Capataz		1	14.862,16	2.615,32	0,00	1.726,77	2.199,01	21.403,26
Ind	Xefe/a de brigada		3	14.862,16	2.517,88	0,00	1.639,19	1.901,92	20.921,14
Ind	Maquinista condutor		1	14.862,16	2.517,88	0,00	1.544,33	1.838,62	20.762,98
Ind	Peón especialista		3	12.304,10	2.289,45	0,00	1.149,42	1.574,30	17.317,26
Ind	Peón		1	12.164,47	2.184,29	0,00	1.149,42	1.483,18	16.981,36
TOTAL			54						

NOTA: Os postos que estando ocupados supoñen unha minoración de retribucións terán dereito a un complemento persoal

PROPOSTA DE ESTRUCTURA DE TÁBOAS SALARIAIS.

1.- CLASIFICACIÓN PROFESIONAL.

GRUPOS PROFESIONAIS

Defínense catro grupos profesionais:

- GRUPO I: PERSOAL DIRECTIVO
- GRUPO II: PERSOAL TITULADO UNIVERSITARIO
- GRUPO III: PERSOAL ADMINISTRATIVO
- GRUPO IV: PERSOAL OPERATIVO.

CATEGORÍAS PROFESIONAIS

Establécense 12 categorías profesionais

- Técnico/a Superior.
- Técnico/a Medio.
- Oficial 1ª Administrativo/a
- Oficial 2ª Administrativo/a
- Auxiliar Administrativo/a
- Operador/a-Codificador/a
- Titulado/a de Formación Profesional de Ciclo Superior.
- Capataz.
- Xefe/a de Brigada
- Maquinista-Conductor
- Peón Especialista.
- Peón

NIVEIS DO CADRO

CADRO CONTINUO

O cadro continuo aprobado no ano 2022 inclúe 14 niveis. A cada nivel se lle asigna unha categoría profesional, coas seguintes excepcións:



- Persoal directivo.
- Coordinador/a de área: pode estar ocupado por traballadores titulados medios ou superiores.

En cada nivel pode haber diversos postos con denominacións e distintas titulacións dentro de cada categoría.

Os niveis do cadro continuo son os seguintes:

- Director/a Xerente.
- Director/a Departamento.
- Coordinador/a Área.
- Técnico/a Superior.
- Técnico/a Medio/a.
- Oficial 1ª Administrativo/a
- Oficial 2ª Administrativo/a
- Auxiliar Administrativo/a
- Operador/a-Codificador/a
- Capataz.
- Xefe/a de Brigada
- Maquinista-Conductor
- Peón Especialista.
- Peón

CADRO DISCONTÍNUO

O cadro discontinuo estruturase en niveis que corresponden directamente a categorías profesionais, con distintos requirimentos de titulación segundo os postos:

- Técnico/a Medio.
- Oficial 2ª Administrativo/a
- Auxiliar Administrativo/a
- Capataz.
- Xefe/a de Brigada
- Peón Especialista.
- Peón

2.- RETRIBUCIÓNS BÁSICAS.

Salario mínimo interprofesional:

Determina as retribucións básicas das categorías inferiores. No momento actual a Empresa está procedendo a abonar a totalidade do complemento de produtividade en dúas categorías profesionais e incluír un complemento a SMI para poder cumprir cos requirimentos establecidos.

Grupo I: Persoal directivo:

A Empresa está encadrada no Grupo 3, segundo a Orde do 8 de xuño de 2012 pola que se establece a clasificación inicial das entidades incluídas no ámbito de aplicación do Decreto 119/2012, do 3 de maio, polo que se regulan as retribucións e percepcións económicas aplicables aos órganos de goberno ou dirección e ao persoal directivo das entidades do sector público autonómico. A normativa autonómica determina as retribucións máximas do persoal directivo, entendendo por tal o contratado pola modalidade de alta dirección. Polo tanto, as retribucións están previamente definidas pola Normativa.

Establécese as seguintes retribucións básicas:

RETRIBUCIÓNS BÁSICAS					
GRUPO	CLASIFICACIÓN	POSTOS/CATEGORÍAS	S.B. Mensual	P.P. Extra	Base anual
Grupo I	Persoal directivo	DIRECTOR/A XERENTE	4.723,08	787,18	66.123,17
Grupo I	Persoal directivo	DIRECTOR/A DEPARTAMENTO	2.295,00	382,50	32.130,00
Grupo II	Persoal titulado universitario	TÉCNICO/A SUPERIOR	1.691,25	281,88	23.677,50
Grupo II	Persoal titulado universitario	TÉCNICO/A MEDIO/A	1.491,38	248,56	20.879,25
Grupo III	Persoal Administrativo	ADVO. OFICIAL 1ª	1.291,50	215,25	18.081,00
Grupo III	Persoal Administrativo	ADVO. OFICIAL 2ª	1.209,50	201,58	16.933,00
Grupo III	Persoal Administrativo	AUXILIAR ADMINISTRATIVO	1.127,50	187,92	15.785,00
Grupo III	Persoal Administrativo	OPERADOR-CODIFICADOR	1.127,50	187,92	15.785,00
Grupo IV	Persoal Operativo	TECNICO LABORATORIO	1.291,50	215,25	18.081,00
Grupo IV	Persoal Operativo	CAPATAZ	1.127,50	187,92	15.785,00
Grupo IV	Persoal Operativo	XEFE/A BRIGADA	1.127,50	187,92	15.785,00
Grupo IV	Persoal Operativo	MAQUINISTA/CONDUCTOR	1.107,00	184,50	15.498,00
Grupo IV	Persoal Operativo	PEÓN ESPECIALISTA	1.045,50	174,25	14.637,00
Grupo IV	Persoal Operativo	PEÓN	1.045,50	174,25	14.637,00



3.- DEFINICIÓN DOS COMPLEMENTOS.

Defínense os seguintes complementos sobre o salario base, en función das responsabilidades, condicións específicas dos postos e condicións de desempeño dos mesmos.

Desenvólvense as bandas salariais nas que se estruturarán as táboas.

Complemento de Especial Responsabilidade:

Retribúe o desempeño de traballos de complexidade que requiren da coordinación de diversos equipos, a atención simultánea a distintas tarefas, o desenvolvemento de traballos de planificación e control, o emprego de equipos específicos e a aplicación de determinados produtos.

Complemento de Mobilidade e adaptabilidade:

Complemento de carácter mixto que retribúe a prestación de servizos en lugares móbiles ou itinerantes comprendendo toda a provincia (excepcionalmente en concellos limítrofes coa referencia), así coma o tempo de desprazamento diario investido desde o punto de encontro ata o primeiro lugar de traballo e o tempo de desprazamento investido desde o último lugar de traballo ao punto de encontro, que non se computará como tempo de traballo efectivo, senón de adaptabilidade ou dispoñibilidade.

Naqueles casos en que se supere 2 h de desprazamento o devandito exceso compensarase con tempo de descanso a razón de 1,75 hora por cada hora de exceso, mantendo os/as traballadores/as o dereito a percibir integramente o plus de mobilidade. Este tempo de descanso acumularase ata compensarse con días completos de descanso nos dous meses seguintes. As anteditas compensacións poderán acumularse aos días de asuntos propios e vacacións pendentes de gozar, sempre e cando as necesidades do servizo o permitan. De igual xeito, poderán utilizarse ditas compensacións para aqueles días nos que, debido ás condicións meteorolóxicas, non sexa posible a prestación de servizos, debendo preavisar ao traballador/a cunha antelación mínima de 48 horas neste caso a Empresa.



Complemento específico:

Retribúe as condicións particulares de determinados postos de traballo correspondentes ós grupos I, II e III (directivo, titulado e administrativo), en atención á especial dedicación, dispoñibilidade, modificacións e/ou prolongacións de xornada, así como os coñecementos técnicos ou xurídicos específicos, o emprego de aplicacións informáticas ou dispositivos que se requiren para o desempeño do posto.

Antigüidade (trienios):

Establécese un complemento de 25€ mensuais (de igual importe para todos os grupos e categorías) por cada tres anos de servizo que acumule a persoa traballadora. A partir da data de aprobación das táboas salariais, os novos trienios que se recoñezan, serán abonados desde o primeiro día do ano seguinte a cumprir os 3 anos traballando con carácter retroactividade ó momento en que se producira o feito causante (cumprimento do trienio).

O cálculo da antigüidade poderá ser realizado por un dos métodos que se expoñen a continuación e que será obxecto de negociación:

- Tempo de servizo efectivo: contabilízase o tempo total efectivo de servizo en SEAGA incluíndo contratos indefinidos, temporais (interinidades, contratos de obra ou servizo determinado, acumulación de tarefas) e fixos discontinuos.
- Anos de antigüidade da relación laboral: contabilízase o tempo total de duración da relación laboral na categoría de referencia. Para o persoal discontinuo o cómputo efectúase por anos completos, e non hai diferenza para o persoal continuo. Non se inclúen no cómputo os contratos temporais por obra ou servizo determinado nin as acumulacións de tarefas.

Complemento de produtividade:

Trátase dun incentivo de produción variable en función das distintas categorías e bandas salariais, en atención aos seguintes criterios, que deberán ser obxecto de negociación:

- Cumprimento de obxectivos: prazos de execución, resultado cualitativo do traballo realizado.
- Rendemento: ritmo de realización dos traballos en relación co establecido polas unidades definidas nas tarifas, etc...



- Interese polo desempeño.
- Iniciativa: propostas de mellora na realización dos traballos.
- Desenvolvemento profesional: formación, acreditacións, etc...
- Uso e mantemento de equipos: danos, deterioro, perdas que superen o desgaste normal dos equipos asignados.
- Puntualidade: retrasos non xustificadas, afectación a outros equipos ou persoas traballadoras.
- Asistencia: ausencias non xustificadas, afectación a outros equipos ou persoas traballadoras.

Complemento de nocturnidade:

Complemento redactado segundo o acordo acadado no ano 2017.

Os traballadores teñen dereito ao pagamento das horas de traballo efectivo desenvolto en horario nocturno (entre as 22:00 e as 6:00 horas). O salario correspondente á xornada efectiva de traballo desenvolto en dito horario incrementarase nun 30% en concepto de complemento de nocturnidade. O persoal que non realice toda a quenda en horario nocturno percibirá o incremento proporcional ao tempo investido en dita franxa horaria. A efectos de cálculo do complemento de nocturnidade, establécese a seguinte fórmula:

Valor Hora Nocturna = (Salario Bruto Anual/Nº Horas Anuais)x0,30

Cando por razóns de organización, a quenda de noite finalice despois das seis horas, o complemento de nocturnidade estenderase, unicamente para efectos económicos, ata a terminación da dita quenda, sempre e cando o traballo desenvolto en horas nocturnas (entre as 22.00h e as 6.00h) sexa igual ou superior a 6 horas. Procurarase, na medida do posible a equidade das quendas entre brigadas.

O persoal de xestión que realice gardas localizables, percibirá un plus polas horas nocturnas de dispoñibilidade que consistirá no 37,5% do valor da hora nocturna calculada no punto 1.1:

Valor Hora Dispoñibilidade Nocturna =[(Salario Bruto Anual/Nº Horas Anuais)x0,30]x 0,375

Retribución de desprazamentos en vehículo propio:

No caso de que unha persoa traballadora teña que desprazarse do centro habitual de traballo a outro que considere a empresa, percibirá a cantidade de 0,26 euros por quilómetro no caso de utilización de transporte propio.



Outros:

Tal e como se establece na aprobación do cadro continuo de xaneiro de 2022, "Os postos que estando ocupados supoñen unha minoración de retribucións terán dereito a un complemento persoal".

4.- BANDAS SALARIAIS.

Efectuando un diagnóstico da situación actual, no que se analizan as distintas competencias requiridas para cada posto, a carga de traballo, nivel de responsabilidade, dedicación, dificultade técnica, autonomía, especialización ou complexidade funcional, poden diferenciarse distintos niveis salariais que varían en función do posto de traballo desempeñado polas persoas dentro dunha mesma categoría profesional. En concreto, se poden definir 3 ou 4 bandas salariais claramente diferenciados nos seguintes grupos e categorías profesionais.

En función da banda salarial na que se encadra o posto, o importe dos complementos varía.



DEFINICIÓN DAS BANDAS SALARIAIS			
GRUPO	CATEGORÍA	BANDA	DESCRIPCIÓN
Grupo II	Técnico/a Superior	Banda 4	Coordinador/a de Área. Nesta banda inclúese ós profesionais con responsabilidade sobre toda unha área, incluíndo as labores de planificación, organización e coordinación da mesma. Realizan o seguimento dos obxectivos técnicos e/ou económicos da correspondente área de responsabilidade e velan polo cumprimento dos mesmos. Son profesionais co máximo nivel de autonomía e iniciativa na súa área.
		Banda 3	En dependencia da persoa que coordine a área, estes profesionais xestionan técnica e/ou economicamente as distintas tipoloxías de actuacións que lles sexan asignadas nas que se requira dun responsable con titulación superior. Dirixen equipos de traballo e precisan o coñecemento de tarefas moi diversas. Implica un elevado grado de iniciativa e autonomía.
		Banda 2	En dependencia doutra persoa, estes profesionais xestionan técnica e/ou economicamente unha actuación concreta na que se precisa dun responsable con titulación superior. Xestionan os equipos e medios asignados á actuación. Implica un elevado grado de iniciativa.
		Banda 1	Persoal que baixo a dependencia de outra persoa da área, realiza funcións técnicas que requiren de titulación superior.
	Técnico/a Medio	Banda 4	Coordinador/a de Área. Nesta banda inclúese ós profesionais con responsabilidade sobre toda unha área, incluíndo as labores de planificación, organización e coordinación da mesma. Realizan o seguimento dos obxectivos técnicos e/ou económicos da correspondente área de responsabilidade e velan polo cumprimento dos mesmos. Son profesionais co máximo nivel de autonomía e iniciativa na súa área.
		Banda 3	En dependencia da persoa que coordine a área, estes profesionais xestionan técnica e/ou economicamente as distintas tipoloxías de actuacións que lles sexan asignadas nas que se requira dun responsable con titulación media. Dirixen equipos de traballo e precisan o coñecemento de tarefas moi diversas. Implica un elevado grado de iniciativa e autonomía.
		Banda 2	En dependencia doutra persoa, estes profesionais xestionan técnica e/ou economicamente unha actuación concreta na que se precisa dun responsable con titulación media. Xestionan os equipos e medios asignados á actuación. Implica un elevado grado de iniciativa.
		Banda 1	Persoal que baixo a dependencia de outra persoa da área, realiza funcións técnicas que requiren de titulación media.
Grupo IV	Capataz	Banda 3	Son as persoas encargadas de supervisar e controlar as labores realizadas por traballadores de categorías inferiores nas diversas actuacións que a empresa leve a cabo así como da execución de tarefas que precisan dun determinado nivel de tecnificación ou cualificación específica. Xestionan, ó seu nivel a prevención de riscos laborais, realizan medicións, manexan maquinaria e equipos de medición, xestionan equipos de traballo e realizan operacións topográficas.
		Banda 2	Son as persoas que nunha determinada actuación se encargan de supervisar e controlar as labores realizadas por traballadores de categorías inferiores e/ou de tarefas que precisan dun determinado nivel de tecnificación ou cualificación específica. Xestionan, ó seu nivel a prevención de riscos laborais, realizan medicións e operacións topográficas e manexan maquinaria e equipos.
		Banda 1	Persoal que leva a cabo tarefas concretas e específicas nunha determinada actuación para as que se require dos coñecementos dun titulado en formación profesional acorde ó perfil da actuación a executar.
	Xefe/a de Brigada	Banda 3	Persoal que estando en posesión da correspondente titulación de formación profesional, executa as tarefas específicas nas distintas actuacións que ten asignadas e que se desenvolven en diversas localidades, á vez que dirixe e supervisa os traballos realizados por cada un dos integrantes da brigada.
		Banda 2	Persoal que estando en posesión da correspondente titulación de formación profesional, executa as tarefas específicas na actuación que ten asignada e que se desenvolve en diversas localidades, á vez que dirixe e supervisa os traballos realizados por cada un dos integrantes da brigada.
		Banda 1	Persoal que estando en posesión da correspondente titulación de formación profesional, executa as tarefas específicas na actuación que ten asignada e que se desenvolve nun lugar ou localidade concreta, á vez que dirixe e supervisa os traballos realizados por cada un dos integrantes da brigada.
	Maquinista Conductor	Banda 3	Persoal que nas distintas actuacións que a empresa executa, manexa vehículos pesados que requiren estar en posesión dun carné profesional habilitante.
		Banda 2	Persoal que na actuación que ten asignada, manexa vehículos pesados que requiren estar en posesión dun carné profesional habilitante.
		Banda 1	Persoal que manexa maquinaria agrícola-forestal e/ou maquinaria pesada nunha determinada actuación.
	Peón Especialista	Banda 3	Persoal que executa as tarefas concretas que un superior lle indica no marco de distintas actuacións e diversas localidades, e aínda cando son traballos que se realizan baixo instrucións precisas dun superior e requiren predominantemente de esforzo físico así como emprego de maquinaria, apeiros de manexo manual e conducción de vehículos, precisan tamén duns coñecementos profesionais adecuados e unhas aptitudes prácticas específicas obtidas tanto a través da experiencia como de cursos de capacitación (a modo enunciativo e non exhaustivo: interpretación de planos e croquis sinxelos; manexo de equipos de traballo simples a motor: carretilla elevadora, dúmper, etc.).
		Banda 2	Persoal que executa as tarefas concretas que un superior lle indica no marco da actuación asignada que se desenvolve en diversas localidades, e que precisan de certa práctica e destreza, obtidas xeralmente a través da experiencia. Son traballos que requiren predominantemente esforzo físico así como emprego de maquinaria portátil, apeiros de manexo manual e conducción de vehículos.
		Banda 1	Persoal que executa as tarefas concretas que un superior lle indica na actuación que ten asignada e nun lugar ou localidade concreta, e que precisan de certa práctica e destreza, obtidas xeralmente a través da experiencia. Son traballos que requiren predominantemente esforzo físico así como emprego de maquinaria portátil, apeiros de manexo manual e conducción de vehículos.
	Peón	Banda 3	Persoal que executa tarefas concretas que un superior lle indica no marco de distintas actuacións e diversas localidades, e aínda cando son traballos que se realizan baixo instrucións precisas dun superior e requiren predominantemente de esforzo físico así como emprego de maquinaria e apeiros de manexo manual, precisan tamén duns coñecementos profesionais adecuados e unhas aptitudes prácticas específicas obtidas tanto a través da experiencia como de cursos de capacitación (a modo enunciativo e non exhaustivo: interpretación de planos e croquis sinxelos; manexo de equipos de traballo simples a motor: carretilla elevadora, dúmper, etc.)
		Banda 2	Persoal que executa as tarefas concretas que un superior lle indica no marco da actuación asignada que abarca diversas localidades e que precisan de certa práctica e destreza, obtidas xeralmente a través da experiencia. Son traballos que requiren predominantemente esforzo físico así como emprego de maquinaria portátil e apeiros de manexo manual. Non ten traballadores a cargo.
		Banda 1	Persoal que executa as tarefas concretas que un superior lle indica na actuación que ten asignada nun lugar ou localidade concreta, e que precisan de certa práctica e destreza, obtidas xeralmente a través da experiencia. Son traballos que requiren predominantemente esforzo físico así como emprego de maquinaria portátil e apeiros de manexo manual. Non ten traballadores a cargo.



APLICACIÓN DAS TÁBOAS.

Unha vez definidos os complementos e bandas salariais, aplícanse ao cadro de persoal, de tal xeito que o persoal de cadro queda asignado á banda superior da mesma de cada categoría.

O resto das bandas só serán aplicables para o persoal temporal. Tanto na previsión dos encargos como nos chamamentos quedará previamente definida a banda na que queda encadrado o posto de traballo, sendo o crédito previamente informado.

Isto implicará que se deberá iniciar a modificación das bases de contratación de persoal temporal no momento en que sexan aprobadas as táboas salariais.

Os trienios aplicaranse a cada traballador, en función da antigüidade e do método de cálculo que finalmente se adopte para ela..

O complementos de nocturnidade e distancia aplicaranse nos casos en que proceda.



PROPOSTA TÁBOAS SALARIAIS										
GRUPO	NIVEL	CATEGORÍA	BANDA	SALARIO BASE	ESPECIAL RESPONSABILIDADE	MOBILIDADE E ADPTABILIDADE	ESPECÍFICO	PRODUTIVIDADE	TOTAL	TRIENIOS
Grupo I	Director/a-xerente			66.123,17					66.123,17	25,00
	Director/a Departamento			32.130,00	13.268,54		7.380,00	6.390,76	59.169,29	25,00
Grupo II	Coordinador/a de Área	Técnico/a Superior	Banda 4	23.677,50	10.824,00		6.556,80	1.599,00	42.657,30	25,00
		Técnico/a Medio	Banda 4	20.879,25	10.824,00		6.556,80	1.599,00	39.859,05	25,00
	Técnico/a Superior	Técnico/a Superior	Banda 3	23.677,50	4.920,00		3.001,30	1.426,80	33.025,60	25,00
			Banda 2	23.677,50	4.305,00		2.644,60	1.353,00	31.980,10	25,00
			Banda 1	23.677,50	3.874,50			1.230,00	28.782,00	25,00
	Técnico/a Medio	Técnico/a Medio	Banda 3	20.879,25	4.920,00		2.952,10	1.230,00	29.981,35	25,00
Banda 2			20.879,25	4.305,00		2.644,60	1.107,00	28.935,85	25,00	
Banda 1			20.879,25	3.800,70			1.057,80	25.737,75	25,00	
Grupo III	Administrativo/a Oficial 1ª	Administrativo/a Oficial 1ª		18.081,00	2.927,40		3.200,00	467,40	24.675,80	25,00
	Administrativo/a Oficial 2ª	Administrativo/a Oficial 2ª		16.933,00	2.091,00		1.920,10	467,40	21.411,50	25,00
	Auxiliar Administrativo/a	Auxiliar Administrativo/a		15.785,00	1.402,20		1.210,00	405,90	18.803,10	25,00
	Operador/a codificador/a	Operador/a codificador/a		15.785,00	1.008,60		820,00	405,90	18.019,50	25,00
Grupo IV		Titulado superior formación profesional		18.081,00	4.182,00			799,50	23.062,50	25,00
	Capataz	Capataz	Banda 3	15.785,00	2.829,00	5.650,00		651,90	24.915,90	25,00
			Banda 2	15.785,00	1.845,00	3.013,50		651,90	21.295,40	25,00
			Banda 1	15.785,00	984,00	1.500,00		651,90	18.920,90	25,00
	Xefe/a de Brigada	Xefe/a de Brigada	Banda 3	15.785,00	2.509,20	4.950,00		651,90	23.896,10	25,00
			Banda 2	15.785,00	1.599,00	3.161,10		651,90	21.197,00	25,00
			Banda 1	15.785,00	861,00	1.500,00		651,90	18.797,90	25,00
	Maquinista Conductor	Maquinista Conductor	Banda 3	15.498,00	1.377,60	4.341,90		651,90	21.869,40	25,00
			Banda 2	15.498,00	1.291,50	3.726,90		651,90	21.168,30	25,00
			Banda 1	15.498,00	1.242,30	1.906,50		651,90	19.298,70	25,00
	Peón Especialista	Peón Especialista	Banda 3	14.637,00	553,50	3.222,60		492,00	18.905,10	25,00
			Banda 2	14.637,00	504,30	2.226,30		492,00	17.859,60	25,00
			Banda 1	14.637,00	479,70	1.500,00		492,00	17.108,70	25,00
Peón	Peón	Banda 3	14.637,00	319,80	3.160,00		467,40	18.584,20	25,00	
		Banda 2	14.637,00	285,00	2.189,40		467,40	17.578,80	25,00	
		Banda 1	14.637,00	246,00	1.500,00		467,40	16.850,40	25,00	